

De 9 a  
12 anos

## 2. World Cacao

VIOLENCIA

60'



### Materiais necesarios

- Folios e bolígrafos
- ANEXO. Fichas lei violencia
- Ficha de conclusións



1/5



### Artigos CDN para a actividade

#### Artigos 19, 34 y 39: PROTECCIÓN CONTRA O MALTRATO, OS ABUSOS E A EXPLOTACIÓN

- Ningún neno ou nena debe ser maltratado, explotado ou abandonado.
  - Ningún neno ou nena debe ser forzado a realizar un traballo que lle prexudique.
  - Ningún neno ou nena debe sufrir abusos sexuais.
- Se es maltratado tes dereito a ser protexido e axudado.



### Desenvolvemento

No 2020 o Goberno aprobou a [proposta de Lei\\* de protección á infancia e a adolescencia fronte á violencia](#), para que no Congreso dos Deputados poidase debatela e unha vez aprobada sexa unha realidade. Desde a Plataforma de Infancia realizouse unha análise para ver se se tiveron en conta as cuestións que se consideran importantes.

Nenos, nenas e adolescentes fixeron propostas a esta lei no 2018, recollidas nun documento chamado [informe Violencia Game Over](#). Algunhas se incluíron, outras só a medias e outras quedaron fóra.

Agora queremos compartir convosco esas propostas, e que participedes achegando as vosas ideas, opinións e propostas. Porque seguro que hai un millón de cousas que tedes que dicir sobre a violencia cara aos nenos e nenas e sobre que cousas se deben facer para que se cumpra o voso dereito.

Organizaremos un “World café” adaptado, ao cal imos chamar “World Cacao”.

Para iso ambientaremos a actividade expoñendo que é o propio grupo o encargado de facer unha lei, é dicir as normas polas cales protexer aos nenos e nenas para que non haxa violencia cara a eles e elas.

A dinámica do “World Cacao” consiste en que todos os membros do grupo poidan falar sobre como prever, detectar e protexer ante as situacións de violencia cara a nenos e nenas (por outros nenos ou por parte de adultos), pero en distintos momentos, non todo mesturado.

O grupo dividirase en 3 subgrupos e a cada un asignaráselle un dos 3 bloques diferentes que se tratan na nova lei:

- Prever: que cousas deben facer os adultos para evitar que se de violencia cara aos nenos e as nenas?
- Detectar: como saber se o que está a pasar é violencia?
- Protexer: e se pasa, que cousas se deben facer para axudar a solucionalo? Nós, os e as adultos, os gobernos...

Daranse 15-20 minutos para facer a reflexión sobre o bloque que teña cada grupo, e a partir das fichas dos anexos, responder as preguntas que vos expoñemos.

- Creedes que as propostas que aceptaron están ben?
- As que non pasaron, ou están a medias, que lles diríades para que as inclúisen? Como llas redactariades para que visen o importante que é incorporarlás?

\*Aclarar conceptos no caso de que se detecte a necesidade; que é o Goberno ou que é unha lei.

De 9 a  
12 anos

## 2. World Cacao

VIOLENCIA

60'

2/5

### Desenvolvemento

En cada ficha, marcamos con cores as propostas que pasaron ou non (verde pasa, vermello non pasa).

Unha vez finalizados os 15 minutos os membros cambiarán de espazo ou mesa, é dicir abordarán agora durante 15 minutos outro dos bloques. Realizaranse 3 roldas de maneira que todos e todas poidan pasar por todos os bloques.

Esquema de como serían as roldas dos bloques:

	ROLDA 1	ROLDA 2	ROLDA 3
GRUPO 1	PREVIR	PROTEXER	DETECTAR
GRUPO 2	DETECTAR	PREVIR	PROTEXER
GRUPO 3	PROTEXER	DETECTAR	PREVIR

Para favorecer o intercambio de ideas o equipo educador pode indicar os cambios de tal maneira que non estean sempre cos mesmos-as compañeiros-as.

Poderase partir das conclusións apuntadas pola rolda anterior ou descubrirlas unha vez o grupo incluíu as súas propostas.

Ao finalizar as 3 roldas poñerase en común as conclusións apuntadas en cada bloque.

### Se non poden realizarse de maneira presencial ou conectarse en grupo

Esta actividade pode ser realizada de maneira individual sen conexión a internet facilitando esta ficha aos e ás participantes e realizando a recollida das súas reflexións e respostas expostas para cada bloque.

Tamén pode realizarse co grupo conectado a unha reunión en liña e organizando salas por cada bloque diferente.



### Apoio para o equipo educativo

Recomendamos que os equipos educadores faciliten os diálogos nas diferentes mesas.

Se a actividade desenvólvese de maneira presencial pódese animar a dinámica utilizando unha sirena ou campá para o cambio de mesas.

A linguaxe foi adaptada ao tramo de idade, pero puidese ser necesario simplificar algúns conceptos dependendo das características grupais.

O tempo de duración con cada bloque é orientativo. Adaptar en función do grupo.

As preguntas propostas son suxerencias en torno á análise dos bloques. Animamos aos equipos educadores a incluír todo aquilo que crean de interese para as súas mozas e mozos.



### Conclusións a recoller

- Ocorrrenseche propostas que non aparecen aquí?
- Hai algunha das que quedan fóra (en vermello) que creedes que sería importante incluíla? Por que?

Lembra trasladar o recollido neste apartado á ficha de conclusións



De 9 a  
12 anos

## 2. World Cacao

VIOLENCIA


60'

3/5

ANEXO. Fichas lei violencia

# 01 PREVIR

Como evitar que se chegue a dar unha situación de violencia



PROPOSTAS DE MOZAS E MOZOS

- **01** Facer campañas para coñecer que é a violencia e por que ocorre, e que as familias participen nas solucións.
- **02** Desenvolver políticas de protección ante a violencia sexual, en especial cara as mozas.
- **03** Facilitar a participación de mozos, mozas e adolescentes naquilo que lles afecte.



De 9 a  
12 anos

## 2. World Cacao

VIOLENCIA

60'

4/5

ANEXO. Fichas lei violencia

# 02 DETECTAR

Saber recoñecer que é a violencia e cando está a pasar



PROPOSTAS DE MOZAS E MOZOS

- 01 Reforzar a educación en valores e a intelixencia emocional. Eliminar a competición como forma de aprender.
- 02 Que as persoas agredidas conten con axudas e apoio fronte ás agresoras.
- 03 Formación do profesorado para que saiban actuar.
- 04 Aumentar os recursos económicos e técnicos.





De 9 a  
12 anos

## 2. World Cacao

VIOLENCIA

60'

5/5

ANEXO. Fichas lei violencia

### 03 PROTEXER

Hai veces que chega a darse violencia e hai que axudar a solucionalo



PROPOSTAS DE MOZAS E MOZOS

- **01** Dar a coñecer os dereitos da infancia e que sexan respectados.
- **02** Poder denunciar contidos de medios de comunicación que respecten a diversidade ou que resten importancia aos casos de violencia.
- **03** Desaparición do requisito de análise psicolóxico para o cambio de xénero e unha tarxeta sanitaria específica. Que haxa médicos especializados sobre isto nas consultas de mozos e mozas.
- **04** Máis policíaos formados en atender á infancia en situacións de violencia.
- **05** Ter persoal especializado ao que poder recorrer no caso de recibir violencia.
- **06** Que os comercios, bares e transeúntes das zonas públicas se impliquen.

